

3º/4º

**Obxectivos da semana:**

- Aprender as normas gramaticais do verbo *to be*

**Material:**

- Esta ficha.

**Teoría:**

Primeiro imos recordar cales son os pronomes persoais en inglés:

**I** (eu)      **We** (nós)

**You** (ti)      **You** (vós)

**He** (el)

**She** (ela)      **They** (eles / elas)

**It** (el ou ela. Úsase para sustituir un sustantivo que non faga referencia a un ser humano)

O verbo *to be* significa “ser” e “estar”. É un verbo un tanto especial xa que é o único que ten unha forma verbal específica para cada persoa gramatical.

Vou intentar explicarme. Imos coller dous verbos: *play* (xogar) e *dance* (bailar). Independentemente de quen sexa o suxeito, a forma verbal sempre é a mesma con unha única excepción pero diso xa falamos na aula e non é necesario liarnos con este asunto.

*I play football* (Eu xogo a fútbol)

*I dance in my house* (Eu bailo na miña casa).

*You play football* (Ti xogas a fútbol)

*You dance everyday* (Ti bailas todos os días).

*We play basketball* (Nós xogamos a baloncesto)

*We dance ballet* (Nós bailamos ballet).

Como podedes observar, a forma verbal sempre é a mesma.

Isto co verbo *to be* non pasa. O verbo *to be* ten unha conxugación específica, é dicir, a cada pronomo lle corresponde unha única forma verbal. A conxugación é a seguinte:

*I am* (eu son / eu estou)

*You are* (ti es / ti estás)

*He is* (el é / el está)

*She is* (ela é / ela está)

*It is* (el ou ela é / el ou ela está). Úsase para falar de cousas que non son seres humanos)

*We are* (nós somos / nós estamos)

*You are* (vós sodes / vós estades)

*They are* (eles son / eles están).

### **Actividade:**

Imos facer dúas actividades puramente gramaticais. A primeira é moi sinxela xa que son frases que comezan co pronomo e os nenos só teñen que escribir a forma verbal correspondente. A segunda é algo máis complicada porque os suxeitos das frases non sempre serán pronomos, polo que terán que sustituir mentalmente os suxeitos das frases polos pronomos correspondentes.

Exemplo:

*My father and my mother \_\_\_\_\_ very happy.*

“*My father and my mother*” é o suxeito da oración. O pronomo que podemos usar para sustituir este suxeito é *they*, polo tanto a forma correspondente do verbo *to be* é *are*.

*My father and my mother are very happy.*

**CÓMO É PROBABLE QUE VOS ATOPEDES CON DIFICULTADES,  
RECÓRDOVOS A POSIBILIDADE DE CONTACTAR CONMIGO VÍA  
VIDEOCHAMADA A TRAVÉS DE HANGOUTS** (a miña conexión sigue sendo terrible pero espero que me permita traballar aceptablemente).

Escribídeme a través de Hangouts para concretar o día e a hora para fazer a videochamada.

1.- Write the corresponding form of the verb “to be”.

a) You \_\_\_\_\_ my best friend.

b) They \_\_\_\_\_ in the living room.

c) He \_\_\_\_\_ from Canada.

d) We \_\_\_\_\_ at home.

e) It \_\_\_\_\_ my dog.

f) I \_\_\_\_\_ tall and beautiful.

2.- Write the corresponding form of the verb “to be”.

a) You and your teacher \_\_\_\_\_ angry.

b) My father and my mother \_\_\_\_\_ intelligent.

c) My cat \_\_\_\_\_ brown.

d) My sister and I \_\_\_\_\_ in the kitchen.

e) Sheila \_\_\_\_\_ on the sofa.

f) My name is Luis. I \_\_\_\_\_ thirty-two years old.